

China e América Latina, un Comercio Asimétrico

Liska Gálvez

Relacións económicas entre China e América Latina

Aínda que moito se fala sobre os intereses políticos ou xeopolíticos que motivan a China ao fortalecemento das relacións sino-latinoamericanas, de momento tales relacións están estritamente limitadas á esfera económica. Neste sentido, afirmar que a China busca estreitar os lazos coa América Latina (AL) e, polo tanto, contrarrestar o poder hexemónico estadounidense, carece de fundamentación.

Tal argumento gañou forza co xurdimento de gobernos de corte populista interesados en fortalecer as súas relacións “políticas” coa China e con iso satisfacer intereses políticos. Aínda que os intereses dos países latinoamericanos non son negables, o mesmo non se pode dicir por parte da China. A historia mostra que diferentes gobernos da rexión, tanto de esquerda como de dereita, mantiveron relacións comerciais, culturais, diplomáticas e até non oficiais coa China.

Outro punto é que para Beijing estes gobernos que proclaman o nacionalismo con base popular traen consigo o risco de inestabilidade económica, elemento necesario para o ingreso do capital chinés. Polo que estes intereses políticos e económicos do novo populismo latinoamericano non comprenderon que a ideoloxía xa non explica o actual pragmatismo diplomático chinés e, en palabras de Sun Hong Bo, tampouco a tendencia das relacións sino-latinoamericanas (Sun Hong Bo 2009, 54).

Até o presente non se concretaron feitos fundamentando que a esquerda fortaleza as relacións sino-latinoamericanas, para alén das comerciais. Dous puntos importantes son, en primeiro lugar, que a China coñece moi ben que a rexión segue a ser un foco da influencia estadounidense e, en segundo lugar, que a rexión ocupa o cuarto lugar en prioridade diplomática para o goberno de Beijing. Son estes factores os que inducen a que Beijing se centre nos países que representan maiores posibilidades como actores comerciais, estes son: o Brasil, o Chile, o México.

Como un dato interesante, a China observa a AL como unha rexión que abarca desde o México, pasando polos países do Mar Caribe e terminando coas terras de América do Sur. O concepto “América Latina” é unha noción que hoxe día posúe moitos matices. A pesar de que a rexión posúe uns fortes trazos comúns, a idea de observalas como un conxunto heteroxéneo, pasa por alto a súa natureza diversa. Esta considérase desde unha esfera xeográfica ou ben desde o aspecto cultural ou do idioma, que traerá diferenzas substanciais. Pero a China sitúaa como unha rexión no seu conxunto. A importancia de mencionar este feito é que, como a rexión carece dunha